

DOCUMENTACIÓN

1º TRIMESTRE



ESTE DOCUMENTO PERMITE FACER UN BREVE REPASO DAS ACTIVIDADES QUE REALIZAMOS DURANTE O TRIMESTRE.

ESTE TRIMESTRE COMEZOU CUN POUCO DE INCERTIDUMBRE POLO TEMA DO CORONAVIRUS, PERO POUCO A POUCO FUMOS ADAPTÁNDONOS O RITMO DIARIO DA AULA COMO EN CURSOS ANTERIORES, INTERIORIZANDO UNHA SERIE DE NORMAS NOVAS QUE TÍÑAMOS QUE SEGUIR PARA PODER COIDARNOS TODOS FORNTE A ESTE VIRUS.

O PRIMEIRO TRIMESTRE EMPEZA COA CHEGADA DO ALUMNADO DESPOIS DUNHA LARGA E DURA CUARENTENA, VOLVEMOS A VER OS COMPAÑEIRO E COMPAÑEIRAS QUE TANTO BOTÁBAMOS DE MENOS, COÑECEMOS OS NOVOS COMPAÑEIRO/AS DESTE CURSO, VOLVEMOS A ENCONTRARNOS COS MESTRES E MESTRAS...

O TRIMESTRE TRANSCORREU DENTRO DESTA "NOVA NORMALIDADE" CON EXPERIENCIAS NOVAS, PROPOSTAS, TALLERES, PEQUENAS SAÍDAS A CONTORNA PRÓXIMA, INSTALACIÓNS DE XOGO E TRABALLANDO ASPECTOS MÁIS CONCRETOS GRAZAS O CONTO DE COCORICO E A MOSCA CHOSCA, O CAMBIO NO CONTORNO COA CHEGADA DO OUTONO, A CELEBRACIÓN DO SAMAÍN DE DO MASGOSTO, DÍAS ESPECIAIS E COMO NON A CELEBRACIÓN DO NADAL, SENDO UN MOMENTO MARCADO POLA MAXIA E ILUSIÓN DOS CATIVOS.

Inicio das clases- Período de adaptación

COMEZAMOS UN NOVO CURSO,ESTE ANO UN POUCO DISTINTO DOS ANTERIORES ,PERO COA MISMA ILUSIÓN DE SEMPRE.

PARA UNS SUPUXO REENCONTRARSE COS COMPAÑEIROS E PARA OUTROS O COMEZO DUNHA NOVA ETAPA.

OS PRIMEIROS DÍAS FUMOS COÑECENDO OS ESPAZOS DA ESCOLA, OS COMPAÑEIROS ,DISTINTOS MESTRES QUE ÍMOS TER ASÍ COMO AS RUTINAS E NORMAS DA AULA.

• ENTRADAS E RUTINAS

A ENTRADA CADA DÍA NA ESCOLA É UN MOMENTO ESPECIAL ONDE PODER COMPARTIR PEQUENOS DETALLES. DEIXAMOS AS BOLSAS DE MERENDA NO SEU SITIO,QUITAMOS A MÁSCARA FACIAL ,COLGAMOS O ABRIGO E A CONTINUACIÓN LAVAMOS AS MANS PARA PODER COMEZAR COAS PROPOSTAS DE TRABALLO.

CON ESTAS RUTINAS OS NENOS E NENAS VAN ADQUIRINDO AUTONOMÍA, DESTREZA MOTRIZ E HÁBITOS DE HIXIENE E SAÚDE



TODOS TEMOS UN PAPEL FUNDAMENTAL NA ASAMBLEA,CONSEGUINDO DESTE XEITO, TER UN PAPEL ACTIVO Á VEZ QUE RESPETAMOS O TURNO ,FOMENTAMOS A ESCOITA ACTIVA,A ATENCIÓN E O TRABALLO COOPERATIVO



CADA DÍA O TEMOS UN ENCARGADO.

VEMOS QUE ESTÁ NO COLE OU NA CASA E DAMOS OS BOS DÍAS.

CONTAMOS CANTOS SOMOS.


CO CALENDARIO CIRCULAR ANUAL VEMOS A ESTACIÓN DO ANO NA QUE ESTAMOS ,O MES ,O DÍA DA SEMANA E OS DÍAS QUE PASARON.

CO CALENDARIO LINEAL MENSUAL RODEAMOS O NÚMERO CORRESPONDENTE AO DÍA QUE NOS ATOPAMOS.

REALIZAMOS REXISTRO DO TEMPO E AO FINALIZAR O MES FACEMOS RECONTO DE CANTO CHOVEU, FIXO SOL OU NUBES.

OBSERVAMOS O DEBUXO DE SÍ MESMO DO ENCARGADO.

AO REMATAR , DASE A OPORTUNIDADE DE PODER FALAR E CONVERSAR SOBRE O QUE LLES APETEZCA OU SINTAN.



O PATIO




UN DOS ESPAZOS E MOMENTOS QUE MÁIS LLE GUSTA É A HORA DE SAÍR AO PATIO. GRAZAS O USO DE BOTAS E TRAXES DE AUGA PODEN APROVEITAR AS POSIBILIDADES DE MOVEMENTO E RELACIÓN QUE NOS OFRECE ESTE ESPAZO.

COMPARTINDO MOMENTOS E XOGOS, INVESTIGANDO, OBSERANDO...



BIBLIOTECA

NA AULA CONTAMOS CUNHA BIBLIOTECA CON FONDOS PROPIOS E COA POSIBILIDADE DE IR Á BIBLIOTECA CENTRAL DO CRA EN BUSCA DE PRÉSTAMOS QUE IMOS RENOVANDO CADA CERTO TEMPO. LIBROS QUE EMPREGAMOS TANTO PARA A HORA DE LER (HORA DO CONTO EN GRUPO) COMO EN BUSCA DE PRÉSTAMOS DE LIBROS QUE VAN E VEÑEN. ISTO PERMITE QUE O ALUMNADO TEÑA ACCESO PERMANENTE A LIBROS E MATERIAL DOCUMENTAL, FAVORECENDO PRÁCTICAS LECTORAS OU PRE-LECTORAS.




LIBROS QUE VAN E VEÑEN

UNHA VEZ POR SEMANA, OS NENOS E NENAS LEVAN UN CONTO PARA CASA, NA BOLSIÑA QUE CADA ANO PROPORCIONA A ASESORÍA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES. DESTE XEITO PROMOVEMOS A PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS, E QUE NA CASA LLES LEAN, POLO MENOS, UN CONTO Á SEMANA.


MOCHILA VIAXEIRA.

CADA NENO/A LEVA A CASA, DURANTE DEZ DÍAS, A MOCHILA VIAXEIRA. CONTÉN LIBROS DE DIFERENTES SECCIÓNS, MÚSICA, VÍDEO ... E UN CADERNO ONDE OS CATIVOS/AS E AS FAMILIAS NOS CONTAN COMO FOI A EXPERIENCIA COA MOCHILA, OU ÁS VECES, OUTRAS COUSAS MOI INTERESANTES. DENDE O PASADO CURSO ESTÁN A LEVAR A RABUÑOSÍN NA MOCHILA. ENCÁNTALLES SACARSE FOTOS CON ELES E PEGALAS NO CADERNO OU FACERLLES UN DEBUXO.


ESTE TRIMESTRE VISITOU AS CASAS DE HUGO, ASIER E CARLOTA. NO SEGUINTE TRIMESTRE SEGUIRÁ VISITANDO AOS DEMÁIS NEN@S.



Este curso deu comezo apoiándonos nun recurso literario que lle encanta aos nenos/as. O CONTO, Concretamente dous contos que nos suxeriu Rabuños, e que sempre son un acerto:



COCORICO E A MOSCA CHOSCA



A través deles traballamos diferentes ámbitos do desenvolvemento do alumnado

LINGÜÍSTICO, facendo xogos de expresión e inhibición lingüística, como o da coroa onde os nenos/as teñen que adiviñar a través das preguntas e respostas, o personaxe que ten posta na cabeza, desprazarnos pola aula e cando digan o nome dun personaxe colocarnos onde estea a súa foto na aula, inventar unha melodía para unha frase determinada do conto...



LÓXICA, clasificando os elementos que soemos utilizar nas comidas, como no conto da mosca chosca, culleres, pratos, vasos... facendo a correspondencia un a un poñendo a mesa para pequenos grupos de compañeiros, ordenando aos compañeiros/as que teñen asignado un personaxe, seguindo a secuencia temporal do conto

SENSORIAL, vivenciando experiencias asociadas aos distintos sentidos, como por exemplo, *Vista*: presentando fotos de Cocorico con diferentes vestidos, facendo descrições das mesmas, diferencias, similitudes... *Tacto*: tocamos as distintas texturas das vestimentas, describindo as sensacións asociadas a cada unha, tratamos de atopar algunha concreta cos ollos pechados, empregando as mans... amasamos os ingredientes do biscoito como o que fixo Cocorico, *gusto*: probando os ingredientes do biscoito de forma individual, *oído*: xogando a adiviñar a que acción ou personaxe pertencen determinados sons.



VALORES E EMOCIÓNS, xogando a identificar emocións coma a alegría, medo, enfado nos personaxes do conto, e en situacións que poderamos ter vivido nós mesmos, analizando ademais as características faciais e xestuais que as acompañan...

O OUTONO



Como cada curso, a chegada do outono supón vivir o primeiro cambio de estación, que se pode observar na contorna próxima e nos seus elementos, uns elementos ideais para realizar unha chea de xogos e experiencias, tanto a nivel obradoiros coma propostas



Construímos o none



Facemos series



Vocabulario



sombras



Motricidade fina



Asociacións de elementos



Metades



Construímos números



Conciencia fonolóxica



Parellas



Puzzles



Buscamos letras

Ademáis das propostas fixemos obradoiros relacionados con elementos do outono



A NOSA CARA



ÁRBORES DE OUTONO



DEBULLAMOS MILLO



ESCULTURAS DE OUTONO



MANDALA DE OUTONO



DESCUBRINDO A TRAVÉS DO TACTO

Tamén fixemos un Obradoiro de lóxica matemática traballando asociación, conteo, cantidade..



OUTROS TALLERES

DESCUBRIMOS AS CORES DE
OUTONO COA TÉCNICA DE
PINTAR CON TUBOS DE CARTÓN



TRABALAMOS O
ESQUEMA CORPORAL



CAMBIAMOS OS PIMCEIS POR
GLOBOS EXPERIEMNTANDO E
FOMENTANDO A CREATIVIDADE



COÑECAMOS A OBRA DA
ARTISTA YAVOY KUSAMA A
PARTIRES DA FORMA
XEOMÉTRICA DO CÍRCULO





SAMAÍN- MAGOSTO



ESTE ANO COMO OUTROS ANOS CELEBRAMOS O SAMAÍN E O MAGOSTO, PERO TIVEMOS QUE CELEBRALO DE MANEIRA DIFERENTE A ANOS ANTERIORES, XA QUE NOS XUNTÁBAMOS COAS OUTRAS ESCOLAS DO CRA, FACÍAMOS XOGOS EN CONXUNTO, CONVERTÍAMOS EN ESPECTADORES DUNHA OBRA TERRORÍFICA FEITA POLOS PROFES.... PERO PARA O ANO VOLTAREMOS!!

ESTE ANO TIVEMOS UNHA SORPRESA MOI GRANDE! XA QUE RABUÑOSO TÍÑANOS PREPARADO UNHA GRAN SORPRESA. ESTA SORPRESA, CONSISTIU NUN VÍDEO ONDE RABUÑOSO FOI PASANDO POLAS DIFERENTES AULAS DO CRA, E ÍA NUN SUPER PATINETE C

RABUÑOSO TIÑA UN GRAN DILEMA, XA QUE NON SABÍA DE ONDE SAÍA ESE LUME QUE ATOPOU NAS ESCOLAS. ADEMAIS, NAS DIFERENTES ESCOLAS FOISE ATOPANDO COA AXUDA DOS DIFERENTES PERSONAXES DE CONTOS TERRRORÍFICOS COMA A BRUXA REGAÑADENTES, O PAPÓN, PELOSTORTOS, FIZ, MONSTRUO VERMELLO.....

FINALMENTE, TIVEMOS QUE ATOPAR UNHA SERIE DE PISTAS ESCONDIDAS EN CADA ESCOLA E DESCUBRIMOS QUE A CULPABLE DESTE LUME ERA MÁXICA QUE ESTABA A PREPARAR AS CASTAÑAS DO MAGOSTO!!!! E QUE RICAS ESTABAN!!

AH!!! PARA OS QUE NON O SAIBAN MÁXICA É UNHA GATIÑA, COMPAÑEIRA DA NOSA MASCOTA RABUÑOSO. ESTA GATIÑA É BOTÁNICA, CIENTÍFICA E AVENTUREIRA ONDE AS HAXA.



OUTRA GRAN SORPRESA COA QUE CONTAMOS NESTE DÍA FOI A APARACIÓN DA NOSA CASIÑA PARA O PATIO, COMO A DISFRUTAMOS!!! MOITAS GRAZAS!!



NORMALMENTE, CONTAMOS COA COA COLABORACIÓN DAS FAMILIAS PARA FACER O NOSO TALLER DE CABAZAS, PERO ESTE ANO AS DECORAMOS NA AULA E ASÍ DE FERMOAS NOS QUEDARON



TAMÉN VACIAMOS UNHA CABAZA PARA APROVEITALA PARA FACER UN TALLER RELACIONADO CO MEDO O DESCOÑECIDO, XA QUE POR MEDIO DAS SENSACIÓNS TACTÍS DESCUBRIMOS DIFERENTES ELEMENTOS QUE SE ATOPABAN DENTRO: ARAÑAS, GUSANOS, CABAZAS....



PARA A DEGUSTACIÓN DAS CASTAÑAS ASADAS PREPARADAS POR MÁXICA E POLO PROFE ANTONIO, PREVIAMENTE FIXEMOS UN PEQUENO TALLER DAS CESTAS DO MAGOSTO, PARA ISO, REICLAMOS DIFERENTES XORNAIS ONDE TRABALLAMOS ASPECTOS COMA A **COORDINACIÓN ÓCULO MANUAL**, A **MOTRICIDADE FINA** CO CORTADO E RASGADO DOS PAPEIS, BOTÁNDOLLE COLA E PEGANDO



FIXEMOS UN EXPERIMENTO
CON BICARBONATO, VINAGRE E ,XABÓN
E COLORANTE QUE FIXO QIE OS NOSOS
VASOS SE CONVERTERAN EN
"MOSNTRUOSOS"



DÍAS ESPECIAIS


AO LONGO DESTE TRIMESTE, A PESAR DO DISTINTO QUE FOI, DADAS AS CIRCUNSTANCIAS ACTUAIS, TIVEMOS A OPORTUNIDADE DE LEVAR A CABO UNS DÍAS DIFERENTES NA ESCOLA EMPAPÁNDONOS DUNHA AMPLA GAMA DE APRENDIZAXES.

DADO QUE ESTAMOS RODEADOS DE **PURA NATUREZA** APROVEITAMOS ESTE PRIVILEXIO PARA FACER SAÍDAS.

LEMBRAMOS A IMPORTANCIA DE NON TIRAR O **LIXO** Ó CHAN, DADO QUE PUIDEMOS OBSERVAR QUE A NOSA CONTARNA ESTABA CHEA DE RESIDUOS, POLO TANTO PROPUXÉMONOS RECOLLER LIXO. ASÍ TAMÉN INICIAMOS AOS NENOS/AS NA IMPORTANCIA DA **RECICLXE** E SENSIBILIZACIÓN CARA O **MEDIO AMBIENTE**.



SEGUINDO CO TEMA DA IMPORTANCIA DE ESTAR EN CONTACTO CONTINIUO CO MEDIO, NON NOS PODEMOS ESQUECER DA **HORTA DA ESCOLA**. TRABALLAMOS NELA, SACAMOS AS MALAS HERBAS QUE TIÑÁ, FIXEMOS NOVAS PLANTACIÓNS DE REPOLOS, BRÓCOLI.... E O MÁIS IMPORTANTE, **COIDÁMOLA**. DESTE XEITO FAMILIARIZAMOS AOS NENOS/AS COA IMPORTANCIA DO COIDADO DO MEDIO UNHA VEZ MÁIS, ASÍ COMO TAMÉN SE INICIAN NOS HÁBITOS SAUDABLES PARA UNHA BOA SAÚDE



NON NOS PODEMOS ESQUECER DAS VISITAS QUE TIVEMOS DURANTE ESTE TRIMESTRE. CONTAMOS CUN OBRADOIRO OFERTADO POLO CONCELLO PARA TRABALLAR A IGUALDADE E A EDUCACIÓN EMOCIONAL, NO CAL TRABALLAMOS E REFLEXIONAMOS SOBRE QUE TODOS SOMOS IGUAIS E TODOS TEMOS A OPORTUNIDADE DE XOGAR AO QUE QUEIRAMOS.



OUTRO DÍA ESPECIAL FOI A VISITA DA CONTACONTOS "SOLEDAD FELLOZA". TIVEMOS A OPORTUNIDADE DE ESCOITAR A ESTA GRAN ARTISTA NA ESCOLA, CONTÁNDONOS DIFERENTES CONTOS COMO POR EXEMPLO "ESQUELETOS DIVERTIDOS", "IYOKÉ ES MUY PEQUEÑO", "LOS COLORES HABLAN", GOZAMOS DUN MOMENTO MOI AGRADABLE SUMERXÍNDONOS EN DIFERENTES HISTORIAS, DEIXAMOS VOAR A NOSA IMAXINACIÓN E "SOLE" FOI A ENCARGADA DE FACER MAXIA. RECALCAMOS ASÍ A IMPORTANCIA DE QUE OS NENOS/ES ESTÉN EN CONTACTO CONTINUO COS CONTOS, ADQUIRINDO NOVO VOCABULARIO, ESTIMULANDO A LINGUAXE, ENTRE OUTRAS COUSAS.





Fíxose a máxia: NADAL



CHEGOU O DÍA MÁIS ESPERADO POR TODOS OS NENOS E NENAS. CHEGOU O **TEMPO DE NADAL**. DÉMOSLLE A BENVIDA CUNHA **INSTALACIÓN** DEIXANDO A EXPLORACIÓN LIBRE E DESPERTANDO NOS NENOS DIFERENTES EMOCIÓNS E SENSACIÓNS.

AS PROPOSTAS DE TRABALLO DESTE MES ESTIVERON DESTINADAS Á TEMÁTICA DO NADAL, ACTIVIDADES MANIPULATIVAS CARGADAS DE EMOCIÓN E IMAXINACIÓN, A TRAVÉS DAS CALES APRENDEMOS.

TRABALLAMOS A LÓXICA-MATEMÁTICA...



MOTRICIDADE FINA...

CONCIENCIA FONOLÓXICA E LETRAS



DECORAMOS A NOSA AULA



ESTE MES TAMÉN REALIZAMOS UNHA SERIE DE **OBRADOIROS** RELACIONADOS CA TEMÁTICA
DO NADAL

REALIZAMOS UNHA
MANUALIDADE
DUNHA ÁRBORE
NAVIDEÑA E UNHA
POSTAL PARA
ENVIAR Á FAMILIA



CONVERTIMONOS
EN ELFOS E
RECORDAMOS O
ESQUEMA
CORPORAL

EXPERIMENTO:
CON BICARBONATO
E ESPUMA DE
AFITAR..
FIXEMOS NEVE!!



INSTALACIONES

O QUE SE PRETENDE CUNHA INSTALACIÓN DE XOGO OU ARTÍSTICA É TRANSFORMAR O ESPAZO PARA PROVOCAR NO NEN@ UNA EMOCIÓN, UN PRACER, UN COÑECEMENTO OU UNHA APRENDIZAXE A TRAVÉS DA ORDEN ESTÉTICA E CUNHA ACTITUDE LÚDICA.

O QUE TRATAMOS É PROVOCAR A SÚA DECONSTRUCCIÓN, TRANSFORMACIÓN E NOVA CONSTRUCCIÓN.

OS NEN@S DEBEN DESCUBRIR COMO FUNCIONA ESE ESPAZO, CREANDO UNHA RELACIÓN CON NÓS, OS ADULTOS, DE COLABORACIÓN, ENCONTRÓ E ENTENDEMENTO, INTRODUCÍNDONOS NO SEU XOGO.

CON ESTE TIPO DE ACTIVIDADES O QUE SE PROMOVEN SON ACCIÓN DE IMITACIÓN, EXPLORACIÓN, TRANSFORMACIÓN SIMBÓLICA...

NESTE TRIMESTRE LEVAMOS A CABO TRES INSTALACIÓN DE TEMÁTICA DIFERENTE: **SAMAÍN, CAIXAS DE CARTÓN E NADAL**

INSTALACIÓN SAMAÍN



PARA RECIBIR O SAMAÍN DESFRUTAMOS E EXPERIEMENTAMOS CON ESTA INSTALACIÓN CREADA CON ELEMENTOS TÍPICOS DESTA ÉPOCA, COA QUE DEIXARON VOAR A SÚA IMAXINACIÓN.



INSTALACIÓN CAIXAS CARTÓN



PARA ESTA INSTALACIÓN EMPREGAMOS CAIXAS DE CARTÓN DE DIFERENTES TAMAÑOS, FOLLAS DE XORNAIS, TUBOS DE CARTÓN..

AS CAIXAS CONVERTÍRONSE EN CASIÑAS, TORRES, TOBOGÁNS, COCHES, SOMBREIROS, ROBOTS..

XA QUE ,CITANDO A TONUCCI: " UN BO XOGUETE É AQUEL QUE, SIN SER NADA EN CONCRETO ,PODE SER MOITAS COUSAS."



INSTALACIÓN NADAL


A ÚLTIMA INSTALACIÓN QUE REALIZAMOS ESTE TRIMESTRE NON PODÍA SER OUTRA QUE A DE NADAL, XA QUE OS ELEMENTOS TÍPICOS DESTA ÉPOCA DO ANO DESPERTAN NOS NEN@S SENTIMIENTOS DE EMOCIÓN E LEDICIA COMO PODEDES VER NAS SÚAS CARIÑAS



OUTRAS PROPOSTAS E ACTIVIDADES

A PARTE DAS ACTIVIDADES E PROPOSTAS EXPOSTAS ATA AQUÍ CENTRADAS EN DIFERENTES TEMÁTICAS TAMÉN TRABALLAMOS OUTROS ESPAZOS DE APRENDIZAXE.

OS NENOS NECESITAN EXERCITAR E TRABALLAR COAS SÚAS MANS, PARA TER UNHA MELLORES HABILIDADES MOTRICES DE CARA O FUTURO. NESTE ESPAZO PREPÁRANSE PEQUENAS ACTIVIDADES DÁNDOLLES A POSIBILIDADE PARA MANIPULAR, EXPERIMENTAR, EQUIVOCARSE E VOLVER A COMEZAR SEN PRESIÓN. CON ESTE TIPO DE PROPOSTAS O ALUMNADO APRENDE A SER INDEPENDENTE E AUTÓNOMO, A CONCENTRARSE, A CONTROLAR OS MÚSCULOS E A TOMAR CONCIENCIA DE SI MESMO E DO CONTORNO.



ACTIVIDADES RELACIONADAS COA LINGUAXE: LETRAS MÓBILES PARA COMPOÑER E DESCOMPOÑER PALABRAS, LIBROS E CONTOS, ACTIVIDADES PARA RELACIONAR O OBXECTO REAL COA SÚAS PALABRA ESCRITA, COMPOSICIÓN E DESCOMPOSICIÓN DO SEU NOME E DOS COMPAÑEIROS, ESCRITURA LIBRE E CREATIVA, OU A REALIZACIÓN DE TRAZOS LIBRES CON DIFERENTES TEXTURAS.



NO RECUNCHO DA AULA RESERVADO Ó TRABALLO DA LÓXICA-MATEMÁTICA OFRÉCENSE PROPOSTAS REALIZADAS CON DIVERSOS TIPOS DE MATERIAIS, TANTO MATERIAL DE REFUGALLO, COMO MATERIAL ESTRUTURADO, COMO A TORRE ROSA MONTESSORI, O ARCO DA VELLA WALDORF, AS RÉGLETAS COUSSINER, OS BLOQUES LÓXICOS DIENES...



MEDIANTE O XOGO SIMBÓLICO AS CRIANZAS CONSTRÚEN A SÚA PROPIA IMAXE DO MUNDO, SIMBOLIZAN TODO AQUILO QUE LLES CUSTA ENTENDER EMPREGANDO A SÚA IMAXINACIÓN. A TRAVÉS DO XOGO LIBRE RECONSTRÚEN SITUACIÓNS DA VIDA REAL XOGANDO ÁS CASIÑAS, ÁS TENDAS, ÓS MÉDICOS...

